

Das veas rumorosas
(Presencia plurisignificativa dos mundos acuáticos na obra
de Manuel María)

Teresa Seara

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SEARA, TERESA (2011 [2001]). “Das veas rumorosas. (Presencia plurisignificativa dos mundos acuáticos na obra de Manuel María)”. En Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. Guitiriz (Lugo): Asociación Cultural Xermolos-Ophiusa, 435-446. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/459>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SEARA, TERESA (2001). “Das veas rumorosas. (Presencia plurisignificativa dos mundos acuáticos na obra de Manuel María)”. En Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. Guitiriz (Lugo): Asociación Cultural Xermolos-Ophiusa, 435-446.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DAS VEAS RUMOROSAS

(Presencia plurisignificativa dos mundos acuáticos na obra de Manuel María)

Teresa Seara

O Azúmara, o Lea, o Anllo, o Miño
atravesan toda a Terra Cha
cun paso tan lento e caladiño
que aperta o corazón coa soedá.

Un paso calado, quedo e lento;
tan lento que semella adormecido.
¡Non sei qué de grave e tristurento
no corazón dos ríos vai metido!

Terra Cha (1954)¹


Desde os poemas, xa alongados no tempo, de *Terra Cha* (1954) ata a obra máis recente que deu ó prelo, *Sonetos á casa de Hortas* (1997)², amósase Manuel María como un autor moi comprometido coa súa paisaxe nativa, de xeito que a Terra Chá achega ó verso matices peculiares e consolídase como un espacio de dimensións míticas e sentimentais moi importantes á hora de estudar o texto. Establécese así unha intensa corrente comunicativa entre o Manuel María poeta telúrico e o resto de vates que sentiron a Terra como escenario emanador de versos onde o ámbito máis próximo acaba por consolidarse como macro-cosmos plurisignificativo. Desta maneira, entronca o poeta de Outeiro de Rei coas grandes voces da nosa literatura e sitúa á Terra Chá na mesma dimensión cosmolóxica de, por exemplo, os cómaros de Aquilino Iglesia Alvariño, a codeseira de Crecente Vega ou a Lóuzara de Fiz Vergara Vilariño. Todos eles escenarios do corazón onde se inscribe o peso memorístico que explica ó ser en toda a súa fondura, ámbitos vinculados á infancia como tempo da plenitude evocada con morriña e, sobre todo, espazos para vivir desde a íntima e profunda interrelación, tal e como manifesta o eu poético nos seguintes versos:

A Terra Chá comeza onde eu nacín.
E morre, cunha agonía longa e tensa,
nun lugar segredo e íntimo de min. (1997, 54).

Sen embargo, dentro dos espazos naturais que Manuel María foi fixando ó longo deste medio século de traballo poético, destacan os conformados pola auga, potencia vital primixenia. De aquí deriva a constante mirada ós ríos, ás lagoas, ós regatos por canto deles depende a vizosidade da terra e, por exten-

1.- Citaremos pola edición elaborada por Xosé María Dobarro para a Biblioteca das Letras Galegas, Ed. Xerais, Vigo, 1989, p. 63.

2.- Espiral Maior, Colec. Illa Verde, A Coruña, 1997.



Tódolos elementos da natureza, sobre todo os máis febles, foron obxecto de inspiración na obra de Manuel María e entre eles hai que salienta-lo Regato do Cepelo.

sión, a vida do ser que nos fala. A magnitude acuática é decisiva e chega a motivar a escrita de obras como *Homenaxe ao regato do Cepelo* (1990)³, *Poemas para dicirle a dúas lagoas*⁴ (1994) ou *O Miño canle de néboa e luz*⁵ (1996) onde o tema central devala entre a omnipresente imaxe do regato do Cepelo como fronteira líquida que delimita o ámbito nativo, a defensa das lagoas de Cospeito e do Olla e o eloxio apaixonado do río Miño como exemplo de amor sen igual pois, como afirma o propio poeta no "Aviso",

non en van as súas caudalosas augas arrolaron o noso berce, asombraron a nosa infancia, puxéronlle alegre e desbordada música ás poderosas paixós e desasosegos da nosa adolescencia e xuventude e, nos anos da nosa madurez, o seu monótono rumor encheu a nosa melancólica nostalxia pois a vida non nos permitiu permanecer ó pe do Miño natal como era o noso desexo para, á súa veira, ir gastando as nosas horas medidas polas mansas ou alporizadas ondas. (1996, 8).



Son, pois, as lagoas, os pozos, o río... os contornos acuáticos que marcan a infancia e adolescencia do poeta, a memoria fluente da súa vida pasada. Por iso, a voz lírica se ergue como defensora acérrima súa fronte ós perigos e ataques que sofren estes espacios desde un punto de vista ecolóxico e sentimental. Unha protección que ten moito de auto-defensa, de procura introspectiva nos misterios máis arcanos que os líquidos custodian xa que ambos os dous, o ser e as augas, comparten a mesma materia compositiva. Así, ó tempo que lle revela cal é a verdadeira esencia de si mesmo, o pequeno regato do Cepelo concédelle ó eu poético –reflectido nas súas augas especulares– o don divinal de inscribirse no libro eterno que garda o recordo do vivido desde tempos remotos:

O pequeno e humilde regato do Cepelo,
que nace e morre na miña propia tribu,
ten a sutil fraxilidade dun salouco,
o delicado arpexio máxico dun chíó
e pasa, como unha canción de amor,
rozando e agarimando á terra lene,
pura, estremecida e alertada.
A increíble levedade da súa auga
faise fidei espello pra levar consigo
a miña imaxe: única eternidade
que a piedade dos deuses me concede. (1990⁶, s.p.)

3.- Este libro, editado como agasallo para amigos e clientes ó cumprirse o vinte aniversario da apertura da Librería Xistral, en 1990, recolle varios poemas dedicados ó regato do Cepelo que Manuel María foi espallando na súa obra.

4.- Espiral Maior, Colec. Illa Verde, A Coruña, 1994.

5.- Espiral Maior, A Coruña, 1996.

6.- O poema fai parte do libro *A luz resuscitada*, Asociación Galega da Língua, Santiago, 1984.

Sen embargo, na obra de Manuel María, os líquidos non se presentan como uns fluídos anónimos senón que aparecen individualizados pola arte designadora de todos aqueles que disfrutaron dos seus beneficios, polos fillos que as inscriben no libro da memoria da tribu a través das súas nomenclaturas específicas e, nomeándolas, danlles tamén vida eterna:

Eu son desta terra e esta auga: lagoas
de Seixas, Toiral, Santa Cristina,
Bardancos, Boedo, Lamas de Xermar,
Charca do Alligal, As Carpaciñas,
Pozos das Nádigas e do Olo,
pucharcas como estrelas ou lúas,
maravillosas esmeraldas, decorando
o corpo vexetal da miña tribu,
espellos prodixiosos que reflecten
a luz do sol –ouro esvaído–,
os altos parpadexos das estrelas,
as raiolas do luar febles e místicas. (1994, 12).

Na súa circularidade, as lagoas non só gardan a historia da terra que as circunda –así se dirixe o eu á Lagoa de Cospeito aseverando que “Todo o tiñas gardado nos arquivos/ segredos e misteriosos que posúes/ nos eidos subacuáticos” (1994, 21)– senón que acaban por constituír un vínculo bidireccional para o ser e a paisaxe. Por unha parte, a unión da terra sobre a que asentan co ceo que se reflicte nas augas. Por outra, a porta cara ó infinito aberta para aquel que busca as grandes respostas da vida. Son elos dunha cadea onde a auga acaba conformándose en potencia creadora, poder ignoto da terra que vai do escuro á luz, da raíz á altura, do misterio á revelación:

Lagoa de Cospeito, fonte de ti mesma
que agromas silandeira e poderosa
do escuro da terra, onde habita
o segredo, o misterio e as raíces.
Inmensa mau aberta cara ó ceo,
acenando serenamente ó infinito,
demandando comprensión e ternura
e ofrecendo paz, acougo, silencio
e unha purísima claridade cristáina. (1994, 23).

Nárrase na Xénese como no comezo todo estaba cuberto polas augas e as terras só existían nunha dimensión subacuática que as tornaba inservibles para a vida. Máis tarde, os líquidos afastáronse tanto para deixar agromar o solo onde se estableceron as plantas e os animais como para, finalmente, ser morada do ser humano. Sen embargo, por causa desta orixe común, nunca terra e auga conseguiron ter unha total autonomía senón que manteñen un vínculo de dependencia mútua que se afianza desde o momento en que a auga posúe como misión principal garantir a supervivencia dos ecosistemas –metade terrestres, metade acuáticos– que se establecen arredor dos humedais. Así, as lagoas conforman uns “mundos perfectos” (1994, 12) de vexetación exuberante, habitados por aves, peixes e anfibios, que agochan nos seus fondos o limo como un tapiz a cubrir a terra profunda. Esta masa, en principio amorfa, acaba-

rá sendo o berce último dos “orbes increíbles” (1994, 12) onde agroma o milagre dos soños húmidos en forma de creación vizosa, tal e como o eu manifesta na Lagoa do Olo:

Para min es principio, luz primeira,
o misterio grandísimo do mundo,
un enigma inqueda mo profundo,
a certeza desnuda e verdadeira. (1994, 29).

Se o alfa da vida se sitúa nas lagoas, o omega fica representado polo río, máxima imaxe da fluencia constante e imparable. Entremedias, os pozos e regatos, amosan a súa natureza diverxente e o eu oscila entre a opción polas augas tranquilas e estancadas que asustan na súa profundidade insondable e a vía ignota da auga que circula como “leve vea rumorosa” (1954, 66). Ambas as dúas representantes dunha concepción poliédrica da vida, de estados de ánimo contrapostos reflectidos na dobre querencia dun ser que non se decanta unicamente por un deles:

Ti es completamente imprescindible,
meu Pozo do Olo, como o máximo,
inefable Regato do Cepelo
pois el é luz camiñante
percurando un destino mentras
dice a súa canción arrebatada
ás árbores, ó vento vagamundo,
ó meu inconvencible instinto escuro.
E ti, en troques, silencioso,
enigmático pozo melancólico,
es auga encantada que medita,
arquivo nostáxico de soños,
dos rumores da fraga,
das ouridouradas sombras dos solpores,
das indecisas luces do mencer,
jouh, olo sempre alerta, vixiante,
pinga de orballo namorada,
desnuda, tremorosa e desmedida! (1994, 38).

Neste punto, debemos constatar a especial querencia demostrada ó longo da súa obra por Manuel María a respecto do regato do Cepelo⁷ que se xustifica non só en base á dimensión amical e de camaradaxe establecida entre ambos senón no feito de seren conxéneres. Regato e eu poético comparten un mesmo espacio nativo, son creaturas enxendradas nunha tribu concreta, fóra da cal carecen de existencia plena. Ademais, o regato ampara unha misión primixenia: a de carrexar as memorias das súas xentes á terra fonda onde se ensume no tempo da seca pois, como fronteira líquida que delimita o espacio de Outeiro de Rei das parroquias do contorno, o Cepelo amósase gran coñecedor dos segredos íntimos dos seus coetáneos. Son estas as historias que garda a bo recau-

7.- Basta examinar as fontes das que emanan os textos compilados na *Homenaxe ao regato do Cepelo -Escolma de poetas de Outeiro de Rei* (1982), *A luz resuscitada* (1984), *Ritual pra unha tribu capital de concello* (1985), *As lúcidas luas do Outono* (1988), *Terra Cha* (1954) e o inédito *Os lonxos do solpor*, para constatar esta preferencia que non se esgota na dimensión poética senón que se estende á súa obra teatral. Así, no “Auto do Regato do Cepelo” a sabía defensa que o burro fai deste elemento e as máxicas artes que as augas mostran logran fanar a decisión municipal de desecalo por entender que o seu caudal é indigno e desacredita á parroquia.

do nas profundidades freáticas onde repousa todos os veráns vítima dunha latencia estival que non quebra o fío íntimo establecido entre el mesmo e o poeta:

Dende os días da nosa lonxana infancia sentimos unha atraición irreprimibel polo regato do Cepelo, chamado tamén da Barciela. Nós coñecémolo a él e él coñécenos a nós perfectamente. Sempre que viaxamos a Outeiro de Rei visitámolo e dialogamos longamente: él coa súa fala de auga nidia e musical e servidor coa súa linguaxe humana e pobre. Coido que nos entendemos. Estes poemas pódense considerar breves anacos das nosas conversas e son, en definitiva, palabras de amor. Nos días do estío incluso paseamos pola sua canle enxoita e deixámoslle os nosos ensoñares melancólicos –tanta é a sua pobreza e necesidade– pra que lle fagan compañía á misteriosa fraga como llo fan as suas augas cristalinas e breves cando o seu caudal é unha emocionada e namorada voz cantora (1990, s.p.).

Ó fin e ó cabo, o humilde regato do Cepelo remata sendo, para alén da verdadeira voz da tribu chairega, a “emocionada canción do universo” (1990, s.p.), o espello dos soños incógnitos. No seu carácter humilde e fráxil baséase a identidade co eu poético pois ambos os dous fican expostos á acción superior de forzas infalibles que os condenan a desaparecer: un –o regato– de forma temporal no estío, outro –o ser– de maneira permanente na morte. Sen embargo, o eu entende o pasamento como unha volta ás raíces cando a realidade arbórea con que se autodefine acabe por, a imaxe dunha gota máis do caudal da canle do Cepelo, volcarse sobre a terra para alimentar novas árbores, aliviar a sede terrestre e soste a vida futura:

Cando chegue a hora na que teña
gastada a pouca vida que me deron,
a árbore que eu son: un carballo
fortemente enraizado no torrón,
deitareime, silandeiro e humilde,
sobor do chan
e así quedarei como un penedo
que o vento vai desfacendo
pouco
a
pouco
ou como un regato pequeniño
–agora e sempre o prodixioso
e breve regato do Cepelo–
e ireime, docemente, ensumindo
como a choiva que cai
nunha terra sedenta e requeimada. (1990, s.p.)

Deste modo, para alén da repercusión paisaxística que supón o feito de crear unha escenografía acuática nos seus poemas e do vínculo que se establece entre as augas e o devalar vital do eu poético, acabamos por descubrir unha dimensión evocadora –tan crucial na obra de Manuel María– vencellada á simboloxía específica da auga que avanza sen descanso. A crónica que o eu traza da súa infancia vai ligada ós líquidos e así volve, por contraste cun presente ás veces de desolación e aniquilamento do contorno, a un pasado en que os acuíferos eran lugares venerados e misteriosos, custodios dos segredos

máis arcanos da vida. Desta maneira, o ser inicia o camiño de volta ata o seu berce remontando a contracorrente o río existencial para preguntarse, ante a visión da Lagoa de Lucerna, polo descoñecido:

Eres, lagoa de meu, a levedade,
insua de señardade, lúa deitada
no difícil camiño sen retorno
que fatalmente andamos os mortais.
¿Que segredos gardas? (1994, 16).

Igualmente, na Lagoa de Cospeito pervive a lembranza dos días da nenez e as primeiras experiencias vitais importantes sentidas ó seu carón. De aí que sexa factible para o eu poético transformarse en habitante dese mundo esotérico que oculta, ficar prendido na maxia dun reflexo e revelarllo cun diálogo directo que dirixe case máis a si mesmo que ás augas:

Téñote na lembranza, Lagoa de Cospeito,
coa claridade dos días infantís
e o primeiro tremor emocionado
do apaixonado sangue, rebentando
como acesa mapoula baixo a luz
que arrincaba de ti reflexos grises,
centileos de aceiro, luces máxicas
prendidas, para sempre endexamais,
no fondo dos meus ollos de chairego,
tan dentro de min mesmo
que me sinto lagoa de auga queda
na que estou silencioso e asulagado. (1994, 19).


Sen embargo, o supremo confidente do eu só pode ser o noso gran río, o Miño, por canto ofrece novas vivencias, outros aires chegados dos territorios lonxanos que circunda. De aí que sexa sabio e entenda á perfección cales son as fontes da dor profunda do eu, o sentimento de minusvalía perante a gran forza que o Miño ostenta. Así, resulta máis fácil para o ser identificarse antes co pequeno regato do Cepelo –a quen trata por igual– que co inmenso pai Miño a quen venera como un deus desde a súa inferioridade:

Amo á chorima máis que á flor de lis,
venero no Pai Miño un deus moi vello,
somentes co Cepelo me aconsello,
¡Ouh, confidente meu, fiel Amadís...!

Anque miñoto son, non me asemello
ó grande Deus Fluvia! do meu país
que a miña voz, irmá da do malvís,
nas ondas do Cepelo ten espello.

O Pai Miño, caudal e prepotente,
vai camiñando ó mar solemnemente
con paso firme, rexo, misterioso...

Mais o Cepelo puro, transparente
co seu marmurio leve e vagoroso,
¡canta dentro de min maxicamente! (1997, 40).




Manuel Maria poetizou as lagoas da Terra Chá.

Roxelio P. Moreira

Neste exercicio de enaltecemento acaba agromando unha terceira dimensión que –tras do carácter de xénese e a vertente memorística– converte a presenza dos acuíferos, na obra do poeta chairego, no centro sustentador de toda unha mitoloxía propia. Nos regatos e no Miño ocúltase un submundo misterioso que se vehicula nun dobre sentido: cristiá –sobre todo nos poemas onde Manuel María recrea o asulagamento das cidades de Valverde e Lucerna (1994, 15 e 1959, 72)– e pagá. Este último próximo, á súa vez, ás lendas ancestrais que falan de seres pertencentes ó mundo das augas –como os valuros que moran na lagoa de Cospeito (1994, 14), os xacios e os mouros– pero tamén inscrito nas historias máis clásicas a través das figuras de ondinas, nereidas, náíades e ninfas. Todos estes seres habitan as cidades asulagadas, poboan os fondos misteriosos das lagoas e conviven co ser humano desde o outro lado do espello líquido. Deste modo, a presenza nos poemas de Manuel María do mito das vilas afundidas acentúa o carácter recóndito das lagoas e permite soñar coa existencia de mundos diferentes, coa purificación polo mergullo que volve unir nun só plano a terra e a auga, o ceo e o lume, tamén en elemento de catarse. Valverde –castigada pola impiedade dos seus habitantes capaz de facer derramar á Virxe tantas lágrimas que acaban cubrindo a vila–, Beira e Lucerna van construíndo un imaxinario chairego que se sitúa xeograficamente baixo as augas, nun mundo subacuático que o eu visita protexido pola súa condición de ser de auga:

A miña lagoa é a de Cospeito, deitada
ó pe da de A do Monte, rebrilando
como moeda enormísima de prata
ou milagreiro espello: debaixo
da súa delicada pel de vidro e lúa
agáchase un país de maravilla,
habitado por oucas, espadanas,
curriolas, cecais corais, formando
os xardíns das cidades sulagadas
–Beira, Valverde, Lucerna luminosa–
que visitei con ollos asombrados
e o corazón ateigado de alegría.
Urbes encantadas: sementeivos
coa flor do sentimento para sempre.
Tal semente froitificou en fantasías,
anceios, degaros, saloucos, soedades,
soños, melancolías e tristezas
que foron conformando pouco a pouco
o feble xunco amarelo que son eu. (1994, 13).

O gran Deus deste mundo mítico é o Miño, o enigma máis indescifrábel. A el rende pleitesía o eu poético por entender que é o creador sumo que molla de parte a parte a nación recollendo todo tipo de procedencias líquidas e amosa a súa fortaleza indescritible nas augas que nunca se deteñen. A súa historia lendaria fala da unión dos elementos primordiais e así, cando o Deus Minius decide instalarse no lugar máis fermoso do cosmos (Galicia) convértese en lóstrego que fende a terra para facer agromar a auga freática (1996, 17). Desta xéne-



Roxelio P. Moreira

O Miño devala caladiño.

se deriva a identificación que a voz lírica establece entre o río, o Camiño de Santiago e a Vía Láctea. Os tres itinerarios de procura polas diversas materias (auga para o eu poético, terra para os peregrinos e luz reflectida no éter para os vellos deuses):

Existe un Miño poderoso e terrestre.
Mais a intuición e o sentimento
estannos a dicir moi claramente que
o Camiño de Santiago ou Vía Láctea
é o Miño celeste:

un río de luz
polo que, un día, habemos navegar. (1996, 20).

O Miño amosa unha natureza ambivalente por canto sustenta e dá morte, é verxel de peixes e flores pero tamén agocha no seu seo a destrución, o ermo, a soidade dun ser xa canso de tanto vagar. Completamente oposto é o mundo que esconde no seu fondo. Canle de néboa e luz, o gran río acaba sendo, na súa dimensión mítica, arca para os tesouros de mouros e xacios, fonte de beleza para as figuras femininas de nereidas, ondinas e ninfas transformadas, polo poder das súas augas, en oucas e peixes. Mais todo isto fúrtaselle ó ser que esculca na súa natureza acuática o segredo deste “vello e tristeiro” (1954, 64) camiñante que “sempre vai mudo e senlleiro” (1954, 64), calado e perdido na súa concentración:


E vas perdido na noite, só e tateando
un segredo íntimo que te roi e te cingue
a unha Primaveira de aves e sorrisas
e a un Outono dourado de tristezas
e angustias silenciosas que semellan a neve. (1996, 16).

Malia os vínculos fluviais co arcano e o esotérico, non refuga o poeta amar a face máis realista do río como sustento de toda unha serie de actividades económicas que se desenvolven arredor del, beneficiándose da súa natureza desprendida. Muiñeiros, pescadores, barqueiros (1996, 33-35) coñecen o carácter pacifista e submisivo dun Miño que se deixa someter no corsé dos encoros, explotar ata o límite dos seus recursos. Este é o río do traballo pero tamén o da produtividade necesaria:

Este é o Miño que sabe da luz, dos arados,
das silveiras, das abidueiras, dos carballos,
dos freixos, dos paxaros, do silencio e da morte.
Iñorou sempre os heroes, as mitoloxías alleas,
a brutalidade, a mentira e as guerras:
as súas ferrerías odiaron as espadas,
forxaron rellas para os arados, ferramentas
para traballar a terra día tras día,
ano tras ano, xeración tras xeración.
Este é o Miño manso, canso e silencioso
que soporta como o boi o xugo,
o aldraxe infamante e sen nome dos encoros
e as contaminacións fedorentas e letais. (1996, 51).

Desta maneira, o berro elexíaco e dorido polo río contaminado aseméllase á desgarradora dor pola casa natal destruída que motiva a escrita dos *Sonetos á casa de Hortas*. Fronte ó sosego de verse cara a cara co amigo de anos e a consciencia de que á fin todos os contratempos “Como o Cepelo son: auga que pasa” (1997, 36), perdura a dimensión secreta dos pozos, as memorias doutra época xa perdida que se recorda nas páxinas húmidas dun regato, no espello da lagoa. Nada como o Miño para resumir en si mesmo todas as liñas poéticas vinculadas ós mundos acuáticos por Manuel María. Un río de lineais augas para levarnos de volta á memoria, ó pasado do país e do ser, á dimensión mítica que nos sustenta e para volver a interrogarse sobre os misterios que as augas esconden desde uns versos que se volven xa líquidos como veas rumorosas manando por dentro do eu poético:

Desde entón ferido vou de tal visión
e non sei se é que me fixen río
potente, caudal, maxestuoso
ou se o Miño se transformou
na imprecisa nostalgia que son eu. (1996, 31).



A poesía do Manuel zumega ó longo do Río Miño, por iso os veciños da cidade de Lugo cantan ó seu carón estes versos do poeta, aquí gravados en pedra.